

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á xestión e situación da poboación de lobos e cánidos na serra do Barbanza nos últimos anos.

O pasado día 14 de xuño de 2013 o Director Xeral de Conservación da Natureza, Ricardo García-Borregón, compareceu en Comisión e respondeu a unha serie de preguntas formuladas polo **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda** referentes a batidas e agardos de lobos na serra do Barbanza.

Consideramos que o señor García-Borregón non respostou a todas as preguntas e asemade constatamos que en moitas delas cometeu probadas incorreccións nas súas respostas, como no referente ao número de batidas en xullo de 2011 e en 2012, as deficiencias na supervisión polo persoal de garda da Xunta ou a falta de transparencia ao non permitir observadores de organizacións ambientalistas e animalistas nas batidas.

Polo antes exposto, o **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda** formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Cantos lobos e cánidos (especificando o número de posíbeis híbridos) teñen constancia, ou sospeita, que morreran nos montes do Barbanza nos anos 2011, 2012 e 2013, tanto en accións legais como ilegais?

2.- A Xunta recoñeceu que un lobo puro, ao que a Xunta lle puxo un colar localizador en outubro de 2009, foi abatido xunto con outros dous compañeiros de manada:

- 2.1.- En qué data morreron estes tres lobos?
- 2.2.- Puxéronlle colar GPS a algún outro lobo no Barbanza?, no caso afirmativo, seguen vivos estes animais?
- 2.3.- A cantos lobos lle puxeron colar localizador en toda Galiza?
- 2.4.- Cantos deles morreron?, indiquen datas e circunstancias.

3.- Nas batidas do verán de 2011, que aprobaron en plena época de cría, como consecuencia duns ataques de lobos a gando, ademais de cachorros abatidos, hai informacións sobre un macho adulto que foi decapitado e cuxa cabeza levaron como trofeo en presenza, ou co coñecemento, do persoal de garda da Xunta,

- 3.1.- Hai algún procedemento aberto para aclarar este feito e en que estado se atopa?
- 3.2.- Esixiuse algún tipo de responsabilidade ao persoal de garda implicado e ao cazador que levou a cabeza?
- 3.3.- Prohibiron ao axente/axentes implicado/s a participación noutras cacerías?
- 3.4.- Qué medidas tomaron para que non volveran repetirse os feitos?

4.- Ricardo García-Borregón, na resposta oral en Comisión do 14 de xuño, indicou que no Barbanza fixeron dúas batidas, o 2 e o 23 de xullo de 2011. Pola contra, existen indicios de que este animal foi morto e decapitado o 9 de xullo de 2011. Hai batidas que non declararon?

5.- Participou nas cacerías (batidas, agardos, ganchos...) contra lobos ou presuntos híbridos no Barbanza persoal de garda da Xunta actualmente implicado na concesión de licenzas de caza ilegais?

5.1.- Participaron cazadores con licenza de caza ilegal?

5.2.- Participaron gandeiros?

6.- A xestión que a Xunta fixo cos lobos e supostos híbridos do Barbanza contou co asesoramento da empresa Arena Asesores en Recursos Naturales.

Desde o ano 2009 até hoxe:

6.1.- Cantos e que contratos leva asinados a Xunta con esta empresa e con que concepto?

6.2.- Poden indicar o importe, IVE incluído, de cada un destes contratos, incluídas as súas posíbeis prórrogas, ampliacións ou modificacións?

7.- Tendo en conta que incluso os expertos, en moitas ocasións, necesitan facer exames xenéticos para distinguilos, Como podían saber os cazadores se disparaban a un lobo puro, a un suposto híbrido ou, simplemente, a un can abandonado no monte?

8.- Na resposta de García-Borregón en Comisión o 14 de xuño de 2013 sinalou, *“no ano 2012 non se realizou ningunha batida no Barbanza”*. Pola contra, nunha contestación do Servizo de Conservación da Natureza, de data 11 de abril de 2012, a unha solicitude da Asociación *Matar por Matar non*, o xefe do servizo, Carlos Gonzalo Muñoz Martínez sinala, *“as batidas efectuadas na Serra do Barbanza ao lobo se efectuaron os días 10, 17 e 31 de marzo (de 2012), sen que se houbese capturado ningún exemplar”*. Asímesmo, nun expediente de queixa aberto polo Valedor do Pobo pola falta de resposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas á solicitude de información feita pola Asociación Ecoloxista Adegas sobre as cacerías de lobos no Barbanza, acabou recoñecendo a Consellería en xullo de 2012, *“as batidas para a captura de lobos no que vai de ano foron tres na provincia da Coruña, as tres foron no Barbanza e non se capturou a ningún exemplar...”*.

Con estes datos, como se explica que en abril de 2012 o xefe do Servizo de Conservación da Natureza recoñeza que se realizaron no Barbanza tres batidas -os días 10, 17 e 31 de marzo-, que en xullo de 2012 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas volva a dicir que se fixeron 3 batidas en marzo de 2012, e agora, o 14 de xuño de 2013, o Director Xeral de Conservación da Natureza, Ricardo García-Borregón, afirme que no ano 2013 non fixeron ningunha batida?

9.- Tendo novas da realización doutras modalidades de caza no Barbanza,

9.1.- Poden indicar cantas esperas/agardos, a lobos ou supostos híbridos, realizaron no ano 2012 e 2013 no Barbanza e as datas de cada unha delas?

9.2.- Cantos animais mataron ou feriron?

9.3.- Estiveron os cazadores, en todo intre, acompañados polo persoal de garda da Xunta?, e se non era así, Como tiñan a seguridade de que lles ían a entregar os animais abatidos?

9.4.- Pode sinalar en que datas fixeron trampeos nos anos 2012 e 2013, cantos animais capturaron e que fixeron con eles?

9.5.- Levaron a cabo algunha outra modalidade de caza contra lobos ou supostos híbridos no Barbanza nos anos 2012 ou 2013?, e se o fixeron con qué resultado?

9.6.- Teñen prevista algunha outra cacería no Barbanza?

10.- Despois de todas estas cacerías autorizadas pola Xunta de Galicia contra as poboacións de lobos e supostos híbridos no Barbanza, e tendo en conta as importantes sumas de diñeiro público se lle están pagando á empresa Arena Asesores en Recursos Naturales SL para que faga estudos poboacionais,

10.1.- Cal é a situación actual da poboación de supostos híbridos no Barbanza?

10.2.- E a de lobos ibéricos?



Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2013.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 04/07/2013 11:46:06